

# III Torneo Promoción Narón 2023

## BASES DO TORNEO

**Organizador:** Círculo Xadrez Narón.

**Data:** Sábado, 30 de setembro de 2023.

**Lugar de xogo:**

[Local Social Municipal Alto do Castiñeiro, C/Manoel Antonio 9, 15570 \(Narón\) - A Coruña](#)

### Categorías:

- Sub - 8 "Promesas": Nados nos anos 2015 e posteriores
- Sub - 10 "Benxamíns": Nados nos anos 2013 e 2014.
- Sub - 12 "Alevíns": Nados nos anos 2011 e 2012.
- Sub - 14 "Infantís": Nados nos anos 2009 e 2010.

### Sistema de xogo:

Suízo a 7 roldas de 15' + 3" para as categorías Sub-8, Sub-10, Sub-12 e Sub-14. Non se aplicará o apéndice G. Aplicarase o apéndice A4 (partidas sen supervisión adecuada). Utilizarase o programa de emparellamento VEGA.

### Calendario da competición:

Presentación e confirmación de listas: 10:30 horas.

Roldas: 11:00, 12:00, 13:00, 16:00, 17:00, 18:00, 19:00 horas.

Entrega de Premios e Clausura: 20:00 horas.

### Inscripcións:

Ata o 29 de setembro no formulario. É OBRIGATORIO ESTAR FEDERADO NA TEMPORADA ACTUAL Á HORA DE REALIZAR A INSCRIPCIÓN DO TORNEO. NO CASO CONTRARIO, A INSCRIPCIÓN SERÁ REXEITADA.

### [FORMULARIO](#)

**Aforo: Limitado.** Xogadores seleccionados por orden de inscrición. Non se admitirán incorporacións pasada a data de inscrición, salvo erro na recepción de datos ou decisión da organización.

A solicitude da inscrición no torneo implica a aceptación da totalidade das bases e normas do mesmo.

**Desempates:**

1. Enfrontamento particular.
2. Buchholz Brasileiro\*
3. Buchholz total\*
4. Progresivo ata as derradeiras consecuencias.

**\* Nas partidas non disputadas computaranse como partidas contra un rival virtual.**

**Xogadas ilegais:**

Tres xogadas ilegais suporán a perda da partida; non se incrementarán tempos por cada xogada ilegal.

**Byes:**

No Torneo Xeral poderanse solicitar ata 3 byes de medio punto agás nas 2 últimas roldas. Os byes solicitaranse no formulario de inscrición.

**Premios:**

1. Trofeos para os cinco primeiros clasificados de cada categoría e mellor xogador local.
2. Medallas para todos os participantes ao finalizar o evento.
3. Reparto de agasallos entre os participantes mediante un Sorteio.

**Para recoller o premio, é esencial estar presente na cerimonia de cerramento.**

Os participantes, autorizan á organización do torneo, a difusión de información ou a utilización de imaxes nos medios de comunicación ou en publicidades e memorias da competición, podendo exercer os seu dereitos de reclamación no correo [xadreznaron@hotmail.com](mailto:xadreznaron@hotmail.com)

**As bases poderán ser modificadas a criterio do árbitro principal no caso de ser necesario.**